




Xacobeo 21 Máis


Proxecto do campamento de verán 3ª edición





INDICE

0. Presentación.....	3
1. Análise da realidade.....	3
2. Identificación da intervención	4
3. Obxectivos xerais	4
4. Actividades e obxectivos específicos.....	6
5. Estrutura do campamento.....	8
6. Recursos dispoñibles.....	11
7. Cronograma 2019.....	12
8. Os recursos financeiros: orzamento económico.....	14
9. Coordinación e seguimento	15
10. Avaliación	16
Outra información	16



0. Presentación

A asociación Un Más desenvolve no Baixo Miño unha campaña de sensibilización e de cambio da percepción que a sociedade ten do colectivo das persoas con autismo.

Creemos que non só é necesario que o grupo social coñeza máis en profundidade o que é o autismo, senón que debe ser parte activa no seu proceso de integración e normalización. A inclusión supón que a convivencia e a aprendizaxe nas persoas con diferenzas son unha das mellores formas de favorecer a todos. Os valores que implica son, entre outros: aceptación, sentido de pertenza, relación persoal, interdependencia e consideración de todos os axentes implicados na comunidade. Do paradigma da autonomía persoal, o elemento fundamental é o exercicio dos dereitos de cada persoa, independentemente de que teñan algún tipo de diversidade funcional.

É necesario ter en conta que vivimos nunha sociedade plural que utiliza a igualdade de oportunidades e dereitos como valores fundamentais, sendo así a responsabilidade de toda a promoción e respecto destes valores a fin de contribuír á creación dunha comunidade xusta, solidaria e completa .

Tendo en conta estes obxectivos, a nosa campaña céntrase, polo momento, en tres dominios distintos:


- O lecer: realizando un campamento urbano o mes de xullo.
- A saúde: aplicando un programa de desensibilización ao tratamento dental e iniciando os primeiros pasos para a realización dun proxecto relativo á atención primaria.
- A educación: realizando un amplo abano de accións no ámbito educativo destinado a cambiar a percepción das persoas con TEA.

Presentase esta solicitude para poder desenvolver a terceira edición do campamento urbano.

Solicitamos esta subvención ao abrigo do programa Ano Santo Xacobeo 2021 dado que consideramos que o Camiño de Santiago ten que ser un ben que todos poidamos desfrutar e é necesario fomentar o coñecemento do patrimonio relacionado co Camiño de Santiago entre todos os colectivos, no noso caso persoas con autismo. Para que isto sexa posible fai falta crear condicións: accesibilidade é a palabra chave. O noso campamento desenvolverá actividades que incluírán o contacto co patrimonio cultural (historias, músicas, gastronomía), o patrimonio natural (faremos pequenos recorridos en locais emblemáticos urbanos e rurais) e o patrimonio humano (a convivencia con persoas con capacidades distintas forma parte do pensamento e espiritualidade do Camiño de Santiago).

1. Análise da realidade

Implicación da comunidade local - o proxecto vai dirixido a un colectivo de persoas con autismo e as súas familias do Baixo Miño. O noso campamento desenvólvese no colexio N° 1 de Tui, o cal aumenta o impacto da iniciativa dun Más, profesores, alumnos e familias coñecerán a importancia que lle damos ao Camiño de Santiago como forma de inclusión na vida social de forma máis plena.



Creemos que con este proxecto serán participes directos no campamento 20 usuarios e as súas familias, profesionais e voluntarios (entre 100 e 150 persoas). Nas charlas contamos cunha media de 40 persoas en cada unha e levaranse a cabo cinco cada ano (200 persoas). Todo o proxecto será difundido nos medios de prensa locais e nas redes sociais.

2. Identificación da intervención do proxecto "Xacobeo21 MÁIS"

O tempo de lecer presenta unha difícil xestión para as familias das persoas con TEA o longo de todo o ano e en especial no verán. As familias atópanse cun gran número de horas onde as persoas con TEA non están sendo atendidas e os seus proxenitores seguen tendo as mesmas obrigas que o resto do ano.

Inda que existen certas ofertas públicas para a ocupación destes períodos, estas non sempre presentan as condicións adecuadas o perfil deste colectivo debido a falta de recursos humanos, a falta de formación en autismo dos profesionais, ou pola gran diversidade que poden presentar os usuarios de este tipo de ofertas dado que poden estar ligados a varias patoloxías psíquicas.


É por elo que dende 2017, a Asociación Un Más puxo en marcha os campamentos de verán adicados a cubrir as carencias mencionadas. Nestes campamentos ofrécese aos usuarios un conxunto de actividades pensadas e adaptadas desde o inicio ata o fin para as persoas con TEA, tendo en conta as súas necesidades de estruturación e anticipación, apoios visuais, atención aos perfís sensoriais e protocolos de actuación específicos para o manexo conductual e emocional.

Quérese así ofrecer un servizo de calidade para que as familias gocen dun tempo de lecer as/os usuarias/os disfruten de actividades deseñadas para fomentar a súa autonomía persoal e promover a inclusión efectiva e real no seu entorno social.

3. Obxectivos xerais

O obxectivo xeral é achegar a realidade das persoas dentro do Trastorno do Espectro do Autismo, a través do coñecemento, o intercambio de experiencias e a formación. Tamén buscamos abrir un espazo de convivencia no que, autistas e non autistas, desenvolvan sinerxías de coñecemento mutuo que fomenten a co-participación e integración real, creando ferramentas colaborativas e fomentando o voluntariado. Este proxecto identifícase con o Plan de dinamización cultural, pois pretende promover un conxunto de actividades progresivas que van dirixidas á difusión, divulgación e promoción do Camiño de Santiago e do patrimonio material e inmaterial vinculado a el, prestando especial atención ás actividades culturais que promovan a participación, a reflexión e o debate cidadán, sen esquecer a importancia dos colectivos con algunha discapacidade.

Co este proxecto queremos que a universalidade do Xacobeo 21 sexa unha realidade porque é unha acción dirixida a un público diverso que impulsa a inclusión, a accesibilidade e o achegamento do feito xacobeo. O deseño das actividades que se proxectan son en beneficio do colectivo TEA.



OBXECTIVOS XERAIS:

- Proporcionarlles aos participantes unha serie de actividades pensadas e adaptadas as súas necesidades individuais.
- Fomentar e promover a inclusión de persoas TEA no seu ámbito xeográfico e social de referencia .
- Facilitar as familias unha alternativa ocupacional de calidade para as persoas TEA do seu entorno.
- Concienciar mediante o papel dos voluntarios e os seus pares (irmás e amigos sen TEA) sobre o Autismo, mostrándolles as destrezas deste colectivo e eliminando mitos.
- Normalizar o TEA na sociedade, para que deste xeito, as persoas TEA teñan unha mellor acollida no seu entorno dentro do Baixo Miño e o longo de todo o Camiño de Santiago.
- Fomentar e desenvolver habilidades sociais e de traballo en equipo dos participantes.
- Proporcionar unha alternativa ocupacional que asocie o lecer coa educación en valores como a solidariedade, a confianza, a cooperación, a integración, o respecto e o compromiso persoal e colectivo tendo en conta os valores culturais e espirituais que forman parte do patrimonio do Camiño de Santiago.


OBXECTIVOS PARA O VOLUNTARIADO

Tendo en conta o papel fundamental dos VOLUNTARIOS para poder levar a cabo este proxecto expoñemos os obxectivos xerais correspondentes a estes participantes:

- Gañar conciencia crítica.
- Saír da súa zona de confort para entrar na de aprendizaxe das vantaxes da diferenza.
- Derribar mitos acerca da discapacidade psíquica, en particular das persoas con TEA.
- Aprender a traballar de forma cooperativa con obxectivos de solidariedade e para a mellora da sociedade.
- Desenvolver a capacidade de plantexar problemas e procura activa de solucións.
- Aprender facendo.
- Gañar estima o verse capacitados ao enfrontarse a diferentes dificultades que o inicio lles son descoñecidas.
- Aumentar a capacidade dos participantes para crear ou participar na creación de redes de apoio que beneficien ao seu entorno social e / ou comunidade, facéndoas máis fortes e máis solidarias.

OBXECTIVOS PARA OS USUARIOS

- Ofrecer unha actividade lúdica, diferente e orixinal coa que poderán, ademais de divertirse, aprender a través do xogo e do contacto co patrimonio rural do Camiño de Santiago.
- Estimular a creatividade, a expresión corporal, a comprensión lectora e os diversos procesos cognitivos implicados tales como atención, razoamento e memoria, recompilando historias, cancións, receitas... do Camiño de Santiago.



- Desenvolver diferentes aspectos artísticos cos que aprenderán a desfrutar doutro xeito da música, do deporte, da natureza e das novas tecnoloxías.
- Propiciar a práctica de diferentes actividades físicas, como o sendeirismo e xogos tradicionais galegos.
- Fomentar a súa autonomía, responsabilidade, respecto, organización ou traballo en equipo a través de actividades de interacción co seu entorno social e natural, visitando albergues, igrexas, locais emblemáticos do Camiño de Santiago.
- Permitir as relacións interpersoais, creando unha atmosfera amigable, relaxada e cómoda durante o campamento e fomentando a creación de redes persoais fóra do campo.
- Promover a socialización, a interdependencia, así como o sentido da responsabilidade individual e grupal nos participantes.

4. Actividades e obxectivos específicos.

As actividades terán lugar nas instalacións do CEIP n.º 1 durante todo o mes de xullo, de 9:00. a 14:00. de luns a venres. Un día por semana o horario será de 9:00 a 17:00.


Tomando a inclusión de persoas con TEA na sociedade co fío temático Xacobeo 21, propónse diferentes actividades cada día da semana; actividades físicas, artísticas, autonomía, inclusión na sociedade e promoción da relación cos seus compañeiros.

De forma transversal, propoñeranse catro talleres, inspirados na difusión do patrimonio cultural do Camiño de Santiago: artístico (música, contos e lendas), deporte e natureza (sendeirismo), gastronomía e tecnoloxía (adaptación en pictos das receitas, contos, músicas...), ademais de ter espazos diarios para actividades de lecer, descanso e relaxación.

Entre **marzo e xuño** necesitamos dar visibilidade ao proxecto cos seguintes obxectivos: dar a coñecer ás familias usuarias o proxecto para unha futura inscrición, recadar axudas económicas e motivar á axuda desinteresada desta actividade a través do Voluntariado.


As actividades que se propoñen para o **mes de xullo** se desenvolverán na contorna do Baixo Miño, nos arredores de Tui. É importante descubrir e dar a coñecer que achega a nosa contorna máis próxima ao patrimonio do Camiño de Santiago. As saídas culturais do campamento faríanse en espazos naturais protexidos e destacados desde un punto simbólico ou paisaxístico que serían na comarca do Baixo Miño: por exemplo a zona vella de Tui e visita guiada a Catedral. Camiñarase polo rural difundindo o camiño por municipios de menos de 5.000 habitantes realizando pequenas andainas ao redor de Tui como por exemplo Paramos e Valença do Miño. O longo do mes faranse tres saídas en autobús que alargarán o horario do campamento ata as 17:00. O tres destinos elixidos son **Porriño, Redondela e Pontevedra**. Como actividades preparatorias as saídas realizarase:

- Un día a semana a adaptación en pictos de lendas e contos tradicionais relacionados con a saída desa semana que, posteriormente, serán subidos os materiais as redes sociais.
- Un día a semana adicado a actividades artísticas e culturais: pintura, manualidades e música tradicional.



- Un día a semana farase un taller de gastronomía onde as receitas tradicionais serán as protagonistas. Farase un libro dixital co estas receitas.
- Un día a semana para adestramento do camiño levado a cabo en zonas rurais da comarca do Baixo Miño.

En todas as saídas os usuarios verbais levarán preparadas pequenas enquisas para facer aos peregrinos estranxeiros que atopen no camiño, fomentando o desenvolvemento das súas habilidades sociais e comunicativas a través dun interese común.



5. Estrutura do campamento

Cada mañá tras a chegada realizaremos a asemblea, espazo onde recordaremos as actividades levadas a cabo o día anterior para exercitar a memoria e compartir opinións das dinámicas. Nesta asemblea dirixida tamén poden expresar as súas emocións, gustos e intereses o respecto das actividades levadas a cabo o día anterior.


A mañá estará dividida en dúas partes separadas pola merenda, onde de xeito flexible unha delas será dedicada a actividade de maior importancia sendo a outra parte empregada para realizar pequenas actividades adaptadas e de interese dos usuarios.

O longo das dinámicas dividiremos por grupos a todos os usuarios do campamento para unha mellor calidade e rendemento da actividade, podendo deste xeito manter a todos os nenos entretidos e con diversión constante. A división realizada atenderá a diferentes criterios segundo a actividade, sempre pensando no benestar de cada un dos participantes.


Todos os días no ecuador da xornada realizaremos un descanso para que merenden, se distraian, descansen e carguen as pilas antes de volver as dinámicas preparadas para a segunda parte da xornada.

Posteriormente tendo en conta o nivel de cansazo e sobreestimulación existente en cada usuarios, poderán gozar dun tempo personalizado para descansar e relaxarse de xeito autónomo atendendo o perfil de cada neno, dando prioridade sempre os gustos e preferencias que manifesten cada un dos participantes. Dentro destas actividades de tempo de lecer podemos atopar: navegar por internet, ordenadores, escoitar música, cine, contos, crebacabezas, pintar, descansar e xogos de mesa entre outras.

Para facernos unha idea da organización do campamento plasmamos a continuación un horario onde aparecen as actividades principais reflexadas:



	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:30	RECEPCIÓN				
9:30-10:00	ASAMBLEA				
10:00-11:30	ARTÍSTICAS	HABILIDADES SOCIAIS - COMPRA	LENDAS E ADAPTACIÓN EN PICTOS	SAÍDA CULTURAL	ADESTRAMENTO - ANDAINA
11:30-12:00	DESCANSO E MERENDA				
12:00-13:30	PISCINA	TALLER GASTRONÓMICO	PISCINA	SAÍDA CULTURAL	TALLER DIGITAL (O CAMIÑO NAS REDES)
13:30-14:00	ACTIVIDADES ESPECÍFICAS PARA DESCANSO E RELAXACIÓN				
14:00	SAÍDA				




Sempre que sexa necesario realizaranse adaptación para os usuarios con maiores necesidades, así como apoios visuais ou anticipación previa.

Tamén é necesario contar con posibles crises que poidan xurdir en calquera dos participantes do campamento, polo que é necesario un plan de acción de ante man para que teña a menor influencia no resto dos usuarios e se poida levar a cabo a actividade do campamento con normalidade e sen interromper as dinámicas establecidas a primeira hora da mañá. Polo que se elabora un sinxelo protocolo que estará suxeito a modificacións no tempo do desenrolo do campamento se os profesionais o consideran conveniente dado o perfil concreto de cada un dos nenos.

O protocolo xeral a seguir será o seguinte:

- No caso de presenza de crise o profesional/voluntario que está co usuario leva a unha aula próxima o neno para que se tranquilice.
- Nese momento outra das profesional/voluntario que están nese grupo vai a avisar a psicóloga de referencia. O estar sempre varias monitoras en cada actividade diminuírían os recursos persoais durante un breve período de tempo ata localizar o profesional de referencia.
- O profesional de referencia intervén na crise e acompaña o usuario a sala onde previamente estaba levando a cabo a actividade e mantense nesa sala durante o tempo que considere conveniente para a supervisión da boa inclusión na actividade.
- No caso de que a profesional de referencia este presente no momento que xurde a crise ela se ocupará de todo o proceso de manexo condutual do usuario.



6. Recursos dispoñibles

O equipo humano será un conxunto multidisciplinar de educadores, formado por un coordinador cualificado e instrutores con ampla experiencia en autismo, grupos dinamizadores e actividades lúdicas e tempo libre.

Este equipo terá unha liña de traballo e educación común e a proporción de participantes / monitores / voluntarios será a máis adecuada segundo a actividade a realizar.

Tendo en conta os perfís que irán a estes campos, necesitaremos aos seguintes profesionais que realicen as actividades dun xeito óptimo e atendan a todas as necesidades que poidan xurdir:

- Coordinadora.

Sra. Clara de Macedo Vitorino (tesorera e xestora de proxectos de Un Más).

Clara de Macedo é profesora do ensino secundario dende hai 26 anos e nai dun neno con autismo de 13 anos, levando 10 anos na directiva da asociación sendo a responsable da dinamización de charlas informativas sobre o autismo e do proxecto Instituto Mais (ano lectivo 2017/18).

Ana Vila é psicóloga sanitaria dende hai 8 anos, cun máster en Autismo e experiencia neste colectivo, así como na realización de actividades con voluntariado. Ana Vila será a directora técnica do proxecto así como a coordinadora do voluntariado da Asociación Un Más.

- Dous psicólogos especializados no autismo.
- Dous profesionais con experiencia no autismo:
 - Unha logopeda para a estimulación comunicativa dos usuarios.
 - Unha terapeuta ocupacional que ten como obxectivo principal fomentar a autonomía de cada un das rapazas e rapaces que asisten o campamento.
- Oito voluntarios.


Instalacións e materiais necesarios:

- Dúas aulas espazosas.
- Unha sala de informática para talleres informáticos.
- Espazo amplo pero delimitado, para realizar actividades sempre controlando os espazos.
- Un espazo amplo e cuberto, para poder saír das aulas do taller pero sen saír ao aire libre nos días que o tempo non o permite.
- Varias aulas menores para tempos de crise ou conflito que poden ocorrer durante o campamento.
- Número de baños axeitados para o número de usuarios
- Computadores, tabletas, cámaras
- Materiais funxibles: folios, impresións en cor, fundas de plástico, plastificadora, bolígrafos, rotuladores, tesoiras, pegamento, cartolinas, velcro, blue tack, etc.

7. CRONOGRAMA 2019

	ACTIVIDADES/CONTIDOS	OBXETIVOS
FORMACIÓN /CAMPÁ DE VOLUNTARIADO para acompañar persoas con TEA no Camiño de Santiago		
Marzo 2019	<p>Concienciación sobre TEA e a necesidade da inclusión deste colectivo no Camiño de Santiago</p> <p>Destinatarios: profesores, persoal sanitario, xoves entre os 14 e os 30 anos</p> <p>Locais: colexios, institutos, centros de saúde para o resto do público (nun local cultural como pode ser a praza de abastos de Tomiño, Area Panorámica de Tui ou o Centro de Saúde de Tui).</p>	<p>-Romper cos mitos sobre o autismo.</p> <p>- Facer visible a necesidade de proporcionar unha alternativa ocupacional que asocie o lecer coa educación en valores como a solidariedade, a confianza, a cooperación, a integración, o respecto e o compromiso persoal e colectivo tendo en conta os valores culturais e espirituais que forman parte do patrimonio do Camiño de Santiago.</p>
Prensa local – periódicos e radio		
CAMPAMENTO 2019		
Preparación do campamento Maio e Xuño 2019	<p>Formación específica dos voluntarios.</p> <p>Charla de sensibilización para as familias sobre a importancia da inclusión das persoas con TEA en actividades que pertencen ao Patrimonio da Humanidade tales como o Xacobeo.</p> <p>Elaboración de materiais de accesibilidade para os usuarios con TEA.</p> <p>Concretar a forma en como Discaminos, Con.tacto e outras entidades van colaborar no desenvolvemento do campamento urbano - definir cronograma e horarios.</p>	<p>-Diagnosticar o coñecemento previo dos voluntarios.</p> <p>-Aclarar as dúbidas.</p> <p>-Dar seguridade as familias mediante o coñecemento tanto dos voluntarios como dos compañeiros dos seus fillos.</p> <p>-Aprender en certas situación cal é o motivo da conduta disruptiva e desmitificar o tema da violencia.</p> <p>-Fomentar que os participantes poidan axudarlles os seus compañeiros con e sen TEA.</p> <p>-Desenvolver o respecto e a afectividade entre todos os participantes do campamento.</p>
Xullo 2019	Campamento “Xacobeo 21 Máis”	
Setembro a decembro 2019 -	<p>Recompilación de todo o material creado en pictogramas e difundilo na nosa páxina web e facebook coa licenza creative commons.</p> <p>Taller de usuarios - participarán na</p>	<p>- Derribar mitos acerca da discapacidade psíquica, en particular das persoas con TEA.</p> <p>- Aprender a traballar de</p>

	montaxe do material audiovisual creado durante o campamento.	forma cooperativa con obxectivos de solidariedade e para a mellora da sociedade. - Implicar a toda a poboación galega (o colectivo TEA tamén) na celebración do Xacobeo 21 e xerar un sentimento de orgullo e pertenza cara aos valores da nosa comunidade. - Fomentar o coñecemento sobre o Xacobeo 21.
--	--	--



8. Os recursos financeiros: orzamento económico.

GASTOS

PRESUPUESTO CAMPAMENTO 2019

SERVICIO		Nº HORAS	PRECIO HORA	TOTAL
PROFESIONALES	PSICÓLOGA SANITARIA	112	15	1680 €
	PSICÓLOGA EDUCATIVA	112	15	1680 €
	LOGOPEDA	112	15	1680 €
	TERAPEUTA OCUPACIONAL	112	15	1680 €
FORMACIÓN PRÁCTICA VOLUNTARIOS	PSICÓLOGA SANITARIA	3	35	105 €
CHARLAS DE CONCIENCIACIÓN	PSICÓLOGA SANITARIA	5	35	175 €
				7.000 €

DESPRAZAMENTOS

Porriño, Redondela e Pontevedra (días completos) 2019 990€


GASTOS DE DIFUSIÓN E PUBLICIDAD

Camisetas 750 €

Gorras 300 €

Mochilas 400€

TOTAL: 1.450€



Dous talleres de sendeirismo :asistidos con animais

De 10:00 a 13:00 con dos psicólogas

Tres horas con desprazamento incluído e irán dos psicólogas expertos en intervencións asistidas con animais e dous co-terapeutas (cans). 600 €

VOLUNTARIOS

SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL MAPFRE 310 €

Oito voluntarios – 19 días dietas de desprazamento e alimentación 500 €

TOTAL:1.620€

MATERIAL FUNXIBLE

TOTAL: 500 €

SUMA TOTAL DE GASTOS: 10.570 €

Ingresos	Importes
Financiamento Un Más	3000€
Financiamento público Concello de Tui	1500€
Total	4500 €

9. Coordinación e seguimento

A coordinación do proxecto será levado a cabo por Clara de Macedo que se encargará das seguintes funcións:

Presentación do proxecto os representantes dos diferentes centros educativos públicos.

Presentación na Federación Autismo Galicia e solicitude de colaboración.

Accesibilidade cognitiva en contornos sociais (Federación Autismo Galicia).

Anunciar o proxecto nos diferentes medios de comunicación e redes sociais.

Organizar e xestionar os recursos humanos e técnicos necesarios e / ou dispoñibles.

Elaboración final do proxecto tendo en conta toda a información recadada nas fases previas.


Organizar e planificar as liñas de actuación para acadar os obxectivos.

Dirixe e xestiona recursos, sexan económicos, humanos, materiais, comunicación, calidade, seguridade, prevención, etc.

Prestación e negociación de espazos para a realización de actividades.

Coordinación de servizos e coordinación interna.

Supervisión dos procesos e tarefas implicados na planificación e execución de actividades.



Xestión administrativa e contable do proxecto

10. Avaliación

A avaliación, como parte fundamental do proxecto, será flexible e continua. Deste xeito, a recollida de datos ea análise sistemática da información axudaranos a avaliar o traballo realizado de acordo cos obxectivos propostos inicialmente, para levar a cabo unha acción de calidade.

Realízanse as seguintes avaliacións:

- Avaliación diaria de seguimento.

A Coordinadora xunto coa Directora Técnica avaliará durante o desenvolvemento do Campamento Urbano a consecución dos obxectivos, o desenvolvemento da actividade, o comportamento do grupo e os incidentes existentes. Así mesmo, establécense os criterios de actuación e se levará a cabo a toma de decisións.

- Avaliación final dos voluntarios.

Ao final do campamento realizarase unha avaliación final para mellorar a actividade para o próximo ano.

- Avaliación final dos beneficiarios.

A última actividade do grupo consistirá nunha dinámica de avaliación segundo a idade dos participantes.

- Avaliación final por parte do Equipo de Coordinación

Outra información

Ao longo de 2017 e 2018, Un Máis dirixiu dous campamentos de verán urbano para nenos con TEA cun orzamento de 7.000 euros. Para estes proxectos tivo o apoio financeiro do Concello de Tui, CEIP N° 1 de Tui e de La Caixa e a colaboración de moitas entidades locais como O Conservatorio de Tui, A Quinta, Adeixa, a Panadería de Xulio, Con.tacto etc coas cales seguimos contando nos próximos campamentos.